



CONCRECIÓN CURRICULAR

(Art. 15 Decreto 156/2022 do 15 de setembro)

1. A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.

2. A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:

- a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.
- b) A contribución á adquisición das competencias.
- c) Os criterios para incorporar elementos transversais.
- d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
- e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.
- f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso.
- g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
- h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.
- i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.
- j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.
- k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.
- l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluirán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias .
- m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
- n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

3. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e na modificación da concreción curricular.

(Art 40.3 Resolución de maio de 2022) Os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán utilizar para a elaboración da concreción curricular a aplicación informática de programacións que poña á disposición a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como para a entrega, supervisión e comprobación por parte da Inspección educativa.

CONCRECIÓN CURRICULAR:

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.

As programacións didácticas das distintas materias asegurarán a concreción dos obxectivos de etapa ás peculiaridades das súas materias.

En calquera caso a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) *Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.* Educar na diversidade, fundamental nun centro coma o noso onde unha das súas características definitorias é a grande heteroxeneidade do alumnado en procedencia, entorno familiar, socio-económico e cultural.

b) *Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.* Concienciación da necesidade do traballo, organización das tarefas como medio para conseguir as metas de aprendizaxe e non só a busca dos resultados a curto prazo.

c) *Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.* Salientar a importancia de que nas aprendizaxes e nas eleccións de optatividade das materias STEM estean representadas alumnas e alumnos sen clichés e condicionantes previos de xénero.

d) *Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexear a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.* Asumir o respecto cara os demais e a convivencia dixital responsable.

e) *Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.* Sensibilizar e formar ao alumnado para que as tecnoloxías, os medios de comunicación e as redes sociais sexan axudas e pontes para a prevención e resolución de conflitos en lugar de catalizadores dos mesmos.

f) *Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.* Incidir na importancia do coñecemento científico e a tecnoloxía para a mellora da sociedade.



g) *Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisiones e asumir responsabilidades.* Favorecer a autonomía do alumnado na súa preparación para os estudos postobrigatorios e para a incorporación á vida laboral. Aprender a identificar oportunidades e prever riscos nas súas decisións.

h) *Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.* Conciliar a linguaxe utilizada nas súas comunicacións dixitais evitando empobrecer o uso do idioma.

i) *Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.* Utilizar as novas tecnoloxías e os recursos dixitais como medio favorecedor da aprendizaxe das linguas estranxeiras.

j) *Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demás persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.* Favorecer o coñecemento a través de experiencias entre iguais relativas a procedencia e vivencias do alumnado.

k) *Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.* Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora. Promover a alimentación equilibrada e saudable así como a actividade física de xeito regular para garantir unha mellor calidade de vida e saúde física, mental e social. Respectar igualmente a diversidade e a sexualidade no entorno dixital.

l) *Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.* Valorar todas as expresións e manifestacións no ámbito da arte e cultura como instrumento de enriquecemento persoal, social, e interiorización de tolerancia e respecto. Aproveitar o escenario dixital para acercar a enorme diversidade do mundo artístico.

m) *Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural comodereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.* Favorecer o coñecemento do noso patrimonio a través do entorno dixital.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. Promover o uso dixital do galego así como facilitar o coñecemento doutras linguas próximas a través da contorna dixital.

b) A contribución á adquisición das competencias.

Tal e como se establece no decreto 156/2022 , do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, as **competencias clave** da ESO son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).
- Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e para aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia Cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión cultural (CCEC).

Considerase que a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas, nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto.

Será competencia do profesorado de cada unha das materias determinar as actividades e unidade didácticas que contribuirán á adquisición de cada unha das competencias, que estarán en consonancia cos obxectivos e criterios de avaliación de cada unha das unidades, así como fixar a contribución porcentual das materias con respecto a cada competencia. Deixarase constancia da distribución e da contribución porcentual nas programacións específicas de cada unha das materias.

As prioridades na adquisición de competencias que fixamos para o alumnado ao rematar a Etapa de Educación Secundaria son as seguintes:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Utilizará ambas linguas cooficiais en múltiples contextos, modulándoa en función dos intereses e coñecementos do seu auditorio, tanto de forma oral como escrita.
- Empregará de forma funcional a primeira lingua estranxeira e, na medida do posible, unha segunda lingua estranxeira.



COMPETENCIA PLURILINGÜE

- Terá capacidade para emplegar as tres linguas de referencia (galego, castelán e inglés) e, na medida do posible, unha cuarta lingua, tendo en conta as súas experiencias lingüísticas persoais e a capacidade para seguir aprendendo a partir do que xa coñece.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA, TECNOLOGÍA E ENXEÑARÍA.

- Empregará, espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razonamentos matemáticos para interpretar e producir información e para resolver problemas que se dan en situacións cotiás.
- Aplicará os seus coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos á comprensión e explicación da contorna natural e social, en especial o referido a metodoloxías como a observación e a experimentación, para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

COMPETENCIA DIXITAL

- Fará uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.
- Avaliará e seleccionará novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que vaian aparecendo, en función da súa utilidade, para acometer tarefas ou obxectivos específicos.
- Será unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e emplegar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas.
- Coñecerá os límites éticos do uso de novas tecnoloxías, en especial das redes sociais, e saberá distinguir a información falsa da veraz.

COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER

- Xestionará e controlará as súas propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de autonomía persoal, e do fomento dunha autoestima e dun autoconcepto san.

COMPETENCIA CIDADÁ

- Comprenderá a realidade social na que vive, para poder contribuír, no exercicio dos seus dereitos e deberes como cidadán/á, a un mundo máis xusto, igualitario e respectuoso coa diversidade.
- Afrontará a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético, primando as prácticas non autoritarias, a resolución pacífica e conciliada dos conflitos e a empatía.
- Exercerá a cidadanía actuando con criterio propio, sendo crítico coas instancias de poder mais tamén responsabilizándose das condutas, eleccións e actuacións persoais que poidan contribuír a mellorar a súa contorna.
- Contribuirá á construcción da paz e a democracia, mantendo unha actitude solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas.

COMPETENCIA EMPRENDEDORA

- Imaxinará, emprenderá, desenrolará e avaliará accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico.
- Acadará cualidades e habilidades persoais, sociais que reforcen o seu autoconcepto mais tamén a imaxe que de si propio/a proxecte de cara os demais.

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS

- Terá adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas fundamentais.
- Adoptará unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.
- Amosará interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais.

Atenderase aos criterios marcados no artigo 18 do Decreto do currículo:

"Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico."

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía didáctica axustaranse ao establecido na normativa, en especial ao recollido no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a saber:

Procurarase unha metodoloxía "comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave", que serán o referente fundamental para a avaliación das aprendizaxes do alumnado.

Buscarase a integración dos elementos do currículo no "desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real".

Privilexiarase a integración "das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado", respectando os terá en "diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe", co obxectivo de favorecer a autonomía, a autoestima e a responsabilidade do alumnado.

Velarase pola conexión dos novos contidos e destrezas con outros contidos e destrezas adquiridos previamente, intensificando o control dos coñecementos previos do alumnado.

Fomentarase o traballo colaborativo e en equipo, a aprendizaxe significativa e a interdisciplinariedade, a través de metodoloxías como a aprendizaxe-servizo ou a aprendizaxe baseada en proxectos.

Deseñaranse, na medida do posible, situacions de aprendizaxe que permitan ao alumnado avanzar en varias competencias a un tempo.

Alternaranse os métodos de presentación da información, usando, en función das aprendizaxes a desenvolver, a clase maxistral, a exposición por parte do alumnado, a aprendizaxe colaborativa, a realización individual ou grupal de actividades prácticas, etc.

Prestarase especial atención á lectura comprensiva de todo tipo de textos, gráficos e imaxes, calquera que sexa o seu formato e soporte, garantindo que todo o alumnado do centro dedica unha parte do seu traballo diario ao desenvolvemento desta destreza.



Prestarase especial atención ao coñecemento lingüístico, garantindo que todo o alumnado acade competencias lingüísticas suficientes como mínimo en galego, castelán e inglés. Así mesmo, favorecerase o traballo con outras linguas, en especial aquelas más próximas, como o portugués ou o francés.

Atenderase tamén ao desenvolvemento das destrezas relacionadas coas TIC, en especial no que atinxe á busca de información segura e confiable e ao dominio de programas e aplicacións que axuden a organizar, presentar e trasladar a información.

Cada materia axustará a súa metodoloxía aos elementos do currículo, guiándose polas orientacións metodolóxicas que establecen na normativa, en especial as recollidas no Anexo II do decreto curricular.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

Entendemos por materiais e recursos didácticos como os elementos empregados polo/as docentes para facilitar e conducir a aprendizaxe. Son materiais e recursos didácticos os libros, mapas, fotos, presentacións de diapositivas e calquera outro documento empregado para suscitar situacións de aprendizaxe, así como os soportes informáticos (aula virtual, bancos de recursos didácticos, etc) pensados para albergalos e consultalos.

O criterio principal para a selección dos materiais e recursos didácticos será sempre pedagóxico, entendido este como a capacidade dos materiais e recursos para facilitar e promover a aprendizaxe do alumnado. Ademais, os distintos departamentos guiaranse polos seguintes criterios para a selección e dispoñibilización dos materiais e recursos didácticos:

O centro favorecerá os materiais de creación propia do profesorado, sempre que estean editados baixo licenzas que permitan a súa distribución gratuita e uso comunitario, e dispoñerá os medios para que poidan ser consultados e compartidos con toda a comunidade educativa.

Xa sexan de elaboración propia ou elaborados por terceiras persoas, os materiais e recursos didácticos axustaranse ao currículo educativo vixente, serán fáciles de comprender para o alumnado e atractivos para a súa consulta.

No caso de materiais que non sexan gratuitos, velarase especialmente porque sexan económicos e reutilizables dun curso académico a outro. Así mesmo os departamentos e o Equipo Directivo procurarán que o conxunto dos materiais e recursos a adquirir por parte das persoas responsables do alumnado non sexa excesivo.

Cando os materiais sexan libros de lectura e consulta, o profesorado colaborará co equipo da biblioteca para facilitar a adquisición, consulta e posta en valor deses materiais. Ao principio de curso, e cantas veces for necesario ao longo deste, cada departamento proporcionará ao equipo da biblioteca unha listaxe de libros e material de consulta a adquirir.

En igualdade de condicións, polo seu menor prezo e a maior facilidade para a distribución e consulta, privilexiaranse os materiais e recursos dixitais sobre os impresos.

Porase especial coidado na selección dos materiais e recursos didácticos a utilizar polo alumnado con necesidades especiais de atención educativa. Os departamentos didácticos colaborarán estreitamente co Departamento de Orientación, e moi especialmente co profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe, para que a selección e os medios de consulta destes materiais sexan os más adecuados a cada alumno/a con necesidades especiais de atención educativa.

As situacions de aprendizaxe programadas polo profesorado poñerán especial coidado en que o alumnado aprenda a valorar a fiabilidade das distintas fontes de información, a distinguir as informacions falsa e interesadas e, como regra xeral, a mellorar a súa comprensión lectora.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso.

A oferta educativa do centro comprende todas as materias comúns e optativas de oferta obligatoria especificadas no Decreto 156/2022 polos que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria.

Sinalar ademais que o centro ofrece **Seccións Bilingües** en lingua inglesa nos seguintes cursos e materias:

1º ESO: EF e EPVA.

3º ESO: Educación Dixital (optativa)

Por outra banda os **Proxectos Competenciais** para aquel alumnado que non opta pola Relixión desenvólvese do seguinte xeito:

1º ESO proxecto de horto escolar e alimentación saudable – Dpto. de Bioloxía e Xeoloxía.

2º ESO proxecto de horto escolar e alimentación saudable – Dpto. de Bioloxía e Xeoloxía.

3º ESO proxecto interdisciplinar aberto a varios dptos. segundo a súa disponibilidade horaria.

4º ESO proxecto interdisciplinar aberto a varios dptos. segundo a súa disponibilidade horaria.

As **horas de libre disposición** no centro incrementarán a carga lectiva das seguintes materias nos dous primeiros cursos:

1º ESO: 1 h Educación Física – 1h Lingua Galega e Literatura

2º ESO: 1h Educación Física – 1h Lingua Castelá e Literatura

Avda. Monelos 10A

15008 – A Coruña

Telf: 881 960960

e-mail: ies.oteropedrayo.coruna@edu.xunta.gal

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesoteropedrayocoruna/>

Segundo o artigo 30.3. Decreto 156/2022 Curriculo ESO, o cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral. Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, os centros docentes, na configuración da súa oferta, poderán establecer agrupacións das materias mencionadas no punto 1.g) e no 1.h) en itinerarios, orientados cara ás diferentes modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional, fomentando a presenza equilibrada de ambos os sexos nas diferentes ramas de estudio. En todo caso, o alumnado deberá poder alcanzar, por calquera dos itinerarios que se establezan, o nivel de adquisición das competencias clave establecido para a educación secundaria obligatoria no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Atendendo ao parágrafo anterior establecense os seguintes **itinerarios en 4º de ESO:**

Materias comúns de 4º ESO: Educación Física, Lingua Castelá e Literatura, 1ª Lingua Estranxeira (Inglés), Lingua Galega e Literatura, Matemáticas A / Matemáticas B, Relixión / Proxecto Competencial / Xeografía e Historia, Titoría

Configuración 4º ESO

Un itinerario a escoller composto de 2 materias de opción (numerar por orde de preferencia)	<input type="checkbox"/> - Bioloxía e Xeoloxía <input type="checkbox"/> - Física e Química	<input type="checkbox"/> - Economía e Empredemento <input type="checkbox"/> - Latín	<input type="checkbox"/> - Tecnoloxía <input type="checkbox"/> - Formación e Orientación Persoal e Profesional
Unha materia de opción a escoller (numerar por orde de preferencia)	<input type="checkbox"/> Dixitalización <input type="checkbox"/> Expresión Artística <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> 2ª Lingua Estranxeira (Francés)		
Unha materia optativa a escoller (numerar por orde de preferencia)	<input type="checkbox"/> Cultura Clásica*, <i>se non foi cursada en 3º</i> <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Oratoria*, <i>se non foi cursada en 3º</i> <input type="checkbox"/> 2ª Lingua Estranxeira (Francés)*, <i>se non se escolle como materia de opción</i>		



g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.

Son actividades complementarias aquelas que, sendo polo seu formato, duración, lugar de celebración e outras circunstancias, distintas da actividade lectiva habitual, seguen a ter como motivación fundamental o desenvolvimento do currículo das distintas materias, sempre que a súa duración non exceda da xornada lectiva

Tal e como se estipula no artigo 40 das NOF do centro, no inicio de curso a persoa responsable das actividades complementarias e extraescolares realizará, coas achegas dos departamentos didácticos, unha programación das actividades complementarias e extraescolares.

Esta programación será presentada ao claustro e sometida a aprobación do Consello Escolar nas semanas iniciais do curso. Así mesmo, a persoa responsable das actividades complementarias e extraescolares elaborará, no remate de curso, unha memoria final coa avaliación das actividades realizadas, para incluír na memoria anual de centro.

Estas actividades responderán aos seguintes **criterios**:

- Deberán cubrir aspectos concretos do currículo da materia e do curso para a que se propón a actividade, permitindo poñer en práctica ou visualizar elementos teóricos, complementando así a formación do alumnado.
- Deberá realizarse despois da actividade unha avaliación do grao de consecución dos obxectivos da actividade, ben a través da súa consideración como actividades availables, ben a través de enquisas ou outros medios, de maneira que se poida valorar a súa realización en anos sucesivos.
- Deberán abranguer, na medida do posíbel, áreas transversais, como a educación en igualdade e na diversidade sexual ou a orientación académica e profesional e fomentar a autoestima e socialización do alumnado.
- Serán gratuítas ou terán o menor custo posible, para favorecer a participación do alumnado con menos recursos.
- Deberán fomentar a participación da maior cantidade de alumnas/os posibles. No caso das actividades sen custo, considerase obligatoria a participación do alumnado a que vai dirixida. No caso das actividades con custo, considerarase voluntaria a participación, desbotando aquelas actividades que teñan unha participación inferior ao 70% do alumnado ao que vai dirixida a actividade, tal e como estipula o artigo 217 das NOF do centro. Aquel alumnado que non participe na actividade asistirá ás clases segundo o horario habitual.
- Primarán o coñecemento de aspectos patrimoniais, culturais, educativos ou socioeconómicos da contorna, de xeito que o tempo dedicado a desprazamentos sexa o mínimo posible.



- Procurarán unha distribución temporal equilibrada por trimestres das actividades, evitando para a súa realización momentos de maior carga de traballo do alumnado, como as datas próximas a avaliacións.
- Procurarase que o número de actividades sexa equilibrado entre os distintos grupos e niveis.
- Secuenciaranse por niveis evitando que o mesmo alumnado participe na mesma actividade en diferentes anos académicos.
- Priorizaranse actividades multidisciplinares nas que colaboren diferentes departamentos ou equipos de dinamización.

A conduta do alumnado durante as actividades observará, por regra xeral, as mesmas condicións que as que se observan no centro. Tanto os aspectos de conduta como os de organización atenderán ao estipulado nos artigos 216-222 das NOF do centro.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.

Para a elaboración dos plans específicos de reforzo para o alumnado que promocione con materias suspensas seguiranse as indicacións do artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O **plan de reforzo** debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.



En cada sesión de evaluación farase o seguimiento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránse os axustes que procedan. Na sesión de evaluación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa evaluación, nos termos que se establecen na normativa que regula a evaluación na educación secundaria obligatoria.

En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter evaluación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.

Para a elaboración dos plans específicos de reforzo para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

Estes plans serán desenvolvidos e posto en marcha polo profesorado do curso en que estea matriculado o alumnado nas primeiras semanas de curso. Así mesmo, ese profesorado trasladará ao/a profesor/a titor/a do/da alumno/a a información máis relevante deles.

O profesorado titor coordinará a redacción definitiva dos plans e informará ás familias da súa posta en marcha unha vez realizada a evaluación inicial. O resultado dos plans será avaliado en cada unha das evaluacións ordinarias.

Teranse en conta os seguintes **criterios** para o deseño dos plans:

- Serán personalizados, e por tanto, concretaranse na evaluación inicial, usando para a personalización do plan tanto a información que conste no expediente do/da alumno/a como as consideracións da equipa docente.
- Tratarán de detectar as necesidades educativas do/da alumno/a que motivaron a repetición de curso (falta de coñecementos básicos ou motivación, dificultades de aprendizaxe, incorporación tardía, resultados das medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade tomadas con anterioridade...) para establecer as adaptacións metodolóxicas ou as actividades de ensino-aprendizaxe que sexan pertinentes para lograr a superación destas necesidades educativas.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.

Os criterios xerais para a avaliación e a promoción seguirán o recollido na lexislación educativa vixente, en concreto ao establecido no Capítulo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así no artigo 25.2, referido á **promoción de curso na ESO**, estipúllase que "acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as **condicións seguintes**:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición. *Esta condición faise extensiva pola presente concreción curricular de centro a 2º de ESO (curso LOMCE) durante o curso 2022-23.*
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica."

Así mesmo, no artigo 26.2, referido á **obtención do título da ESO**, estipúllase que "obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obligatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as **condicións seguintes**:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.



b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas."

As decisións serán adoptadas, na sesión de avaliación final, de xeito colexiado polo profesorado que imparte as materias en que estea matriculado/a (atendendo ao logro dos obxectivos, adquisición de competencias e tendo en contas os criterios de promoción e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe). De non existir unanimidade, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título segundo os criterios de promoción e titulación establecidos para todo o alumnado.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.

Atendendo ao artigo 12 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza a normativa de avaliación, poderán recibir a mención de matrícula de honra un número máximo de alumnos/as igual ao enteiro más próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

Os **criterios** para a súa concesión serán os que seguen:

- 1) Nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos.
- 2) Maior nota media en cuarto curso ata completar o número máximo. En caso de empate maior número de materias en cuarto curso con nota igual a dez.
- 3) De persistir o empate por esta orde: nota media do curso inmediatamente inferior, maior número de materias con notas igual a dez nese curso, así sucesivamente retrocedendo cursos ata desempatar.



I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluirán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias.

As programacións didácticas de cada materia serán elaboradas polo/a profesor/a encargado da súa docencia, baixo a coordinación do/da Xefe/a de Departamento. Tal e como recolle a normativa, haberá unha única programación por nivel, mesmo no caso de que varios/as profesores/as imparten docencia no mesmo nivel.

Tomaranse os seguintes **criterios xerais** para a elaboración e avaliación das programacións didácticas:

Os departamentos velarán pola continuidade e a progresividade dos contidos e dos criterios de avaliación. Así mesmo, procurarán acordos de consenso no uso de instrumentos de avaliación e no peso dos distintos criterios e instrumentos de avaliación.

A programación deberá ser axustada ao currículo da materia, realista na súa adecuación aos coñecementos e intereses do alumnado e aplicable na súa temporalización e na definición dos criterios de avaliación e no seu peso relativo sobre a nota total.

Os departamentos velarán porque se imparta a maior cantidade posible dos elementos do currículo, sen prexuízo de que certas partes sexan adaptadas para facilitar a súa adecuación aos coñecementos e intereses do alumnado.

Tal e como se establece na normativa, os departamentos favorecerán a utilización de instrumentos de avaliación variados, de forma que se obteña un diagnóstico más completo da aprendizaxe do alumnado e da evolución das súas destrezas e coñecementos.

Ao longo do curso cada profesor/a será responsable de realizar o seguimento da programación das materias que imparta. Este seguimento atenderá, moi especialmente, aos apartados de temporalización, criterios de avaliación, contidos, metodoloxía e recursos.

Como mínimo unha vez ao trimestre, reflexarase este seguimento no apartado correspondente da aplicación de programacións Proens ou, no seu defecto, trasladarase a información ao/á Xefe/a de Departamento, que recollerá as conclusións nas actas correspondentes.

No seguimento indicaranse, se houbera, as razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.).



A partir das conclusións recollidas no seguimento, a final do curso o/a Xefe/a de Departamento detallará na memoria do departamento as principais propostas de mellora da programación didáctica, que serán incorporadas á programación do curso seguinte.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

O centro promoverá a participación do profesorado e do alumnado en proxectos, plans e programas de innovación educativa, en especial daqueles promovidos pola administración educativa, tales como as Seccións Bilingües, o Plan Proxecta, os Contratos-Programa, os intercambios culturais, etc.

A promoción de tales plans serán competencia directa da Xefatura de Estudos, do Departamento de Orientación e do profesorado que desempeñe as xefaturas de departamento. Para valorar a incorporación e permanencia do centro nestes proxectos, plans e programas atenderase aos seguintes **criterios**:

- Deberán desenvolver aspectos concretos do currículo da materia e do curso para a que se propoñen, permitindo poñer en práctica ou visualizar elementos teóricos, complementando así a formación do alumnado. Por tanto, deberán incorporarse ás programacións didácticas dos departamentos
- Realizarase a finais de curso unha avaliación do grao de consecución dos obxectivos da proxecto, plan ou programa, ben a través da súa consideración como actividades avaliables, ben a través de enquisas ou outros medios, de maneira que se poida valorar a súa realización en anos sucesivos.
- Deberán abranguer, na medida do posíbel, áreas transversais, como a educación en igualdade e na diversidade sexual ou a orientación académica e profesional e fomentar a autoestima e socialización do alumnado.
- Valoraranse especialmente aqueles plans, proxectos ou programas que impliquen a participación en actividades complementarias ou extraescolares, aqueles que fomenten as metodoloxías activas e innovadoras, que traballen sobre a realidade cotiá ou a contorna próxima, que supoñan unha aprendizaxe baseada en proxectos ou actividades de aprendizaxe-servizo e/ou estean focalizados en actividades multidisciplinares nas que colaboren diferentes departamentos ou equipos de dinamización.
- Deberán ser gratuítos ou teren o menor o custo posible, para favorecer a participación do alumnado con menos recursos e non causar un gasto extra ás persoas responsábeis do alumnado.



- Deberán fomentar a participación da maior cantidad de alumnas/os posibles. No caso dos plans, proxectos ou programas que non teñan custo e que estean recollidos nas programacións didácticas das materias, considerase obligatoria a participación do alumnado a que vai dirixida.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

O seguimento do desenvolvemento da Concreción Curricular será unha das funcións principais da Comisión de Coordinación Pedagólica e do Claustro.

A revisión e avaliación da Concreción Curricular realizarase como mínimo unha vez ao ano, preferentemente no segundo trimestre do curso escolar.

Calquera membro da CCP ou do Claustro, a través da persoa que ostente a xefatura de departamento, poderá trasladar aos órganos correspondentes as súas propostas de mellora. O Equipo Directivo encargarase de recoller estas propostas para incluí-las na orde do día das reunións da CCP seguinte á presentación da proposta, onde serán sometidas a debate e votación para ser aprobadas posteriormente polo Claustro.

O Equipo Directivo ocuparase de actualizar o documento da Concreción Curricular segundo as modificacións ás que deran lugar estes debates. Así mesmo, realizará, de oficio as propostas de mellora que considere oportunas para sometelas a criterio da CCP das que se dará traslado ao Claustro para a súa aprobación. Destas modificacións informarase ao Consello Escolar e a comunidade educativa.